

Actividades Biblioteca curso 2022-23

1. Consolidación do grupo da biblioteca
2. Actividades de formación de novos/as usuarios/as co alumnado de 1º ESO e **asignación de números lectores** ó novo alumnado.
3. Realización de **exposicións temporais e celebración de efemérides** para **difundir os fondos da biblioteca** como:
 - a. **19 de outubro**: Día das escritoras.
 - b. **24 de outubro**: Día das Bibliotecas.
 - c. **30 de outubro**: Día dos defuntos (Samaín).
 - d. **25 novembro**: Día para a eliminación da Violencia contra as mulleres.
 - e. **8 marzo**: Día da muller.
 - f. **17 maio**: Día da Transfobia e a homofobia.
 - g. **30 xaneiro**: Día da paz e da non violencia.
 - h. **23 abril**: Día do Libro.
4. Realizar publicacións periódicas no **blog da biblioteca**, na conta de **twitter** e na de **tik tok** para difundir actividades, exposicións e novos fondos.
5. Publicar boletíns con lecturas para os periodos vacacionais.
6. Realizar **actividades co alumnado**:
 - a. **Concurso de relatos** de medo no Samaín.
 - b. **Obradoiros de escritura creativa**.
 - c. **Creación de blogs-novelas co alumnado** para fomentar a escritura no eido dixital.
 - d. **Lecturas debuxadas**: co primeiro ciclo sobre as obras lidas.
 - e. **Escape Room** na biblioteca ou **xincana literaria**.
 - f. **Xogos de preguntas relacionados con libros e concursos** con diversos premios (libros ou vales para a cafetería)
 - g. Creación de **podcasts (Ivoox)** en colaboración con Radio Turonio.

7. Continuar co **expurgo de fondos bibliográficos desfasados** ou deteriorados para dar cabida ós novos fondos e organizar algunha actividade cos libros expurgados da biblioteca:
 - a. Exposición, feira...
 - b. Reciclaxe e redecoración de fondos bibliográficos desfasados: investigación sobre a obra e o/a autor/a e republicación na editorial Biblioturonia. Exposición dos libros reeditados.
 - c. Intercambio de libros.
8. Continuar coa **reorganización do espazo da biblioteca** para facelo máis intuitivo ó alumnado.
9. Combinar os **clubs de lectura** coa **visita dalgún escritor ou escritora**.
10. Participar no programa de axudas coa creación de **Clubs de Lectura**.
11. Crear algún **club de lectura online**.
12. **Incentivar o uso da biblioteca e a dinamización lectora entre o profesorado**.
13. Continuar coa **adquisición de novos fondos** acordes ó nivel lector e ó gusto do alumnado:
 - a. Banda deseñada.
 - b. Manga.
 - c. Lectura fácil.
 - d. Comunidade LGTBI.
 - e. Igualdade.
 - f. Escritoras.
 - g. Divulgación científica e histórica.
14. Impulsar a hora **Lecthora**.
15. Crear **bibliotecas de aula** para ler durante a hora Lecthora ou durante as gardas.

16. Crear unha **biblioteca dixital** con títulos de dominio público accesible a través do blog da biblioteca.
17. Traballar na concienciación do alumnado na **devolución dos libros da biblioteca**.
18. **Renovar o mobiliario da biblioteca** (mesas e cadeiras) para gañar máis espazo e poder crear un lugar na biblioteca destinado á lectura de xeito máis informal.